

D^a. M^a JESÚS LAGO REY, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do **13 de novembro de 2014**, adoptou o seguinte acordo:

3.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME DE ALUGUER DE ELEMENTOS DE ALUMEADO DECORATIVO NAVIDEÑO. EXPTE. 1042/106.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, con data 12.11.14, que di o seguinte:

A mesa de contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de novembro de 2014, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

6.- Propostas de clasificación.

a) *Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño (expediente 1042-106)*

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación celebradas os días 05-11-2014, 07-11-2014 e 12-11-2014 e do informe do xefe do servizo de Comercio, de data 11-11-2014, por unanimidade dos asistentes, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación da subministración en réxime de aluguer de elementos de alumado decorativo navideño” (expediente 1042-106), no seguinte orde decrecente:

| | <i>LICITADOR</i> | <i>PUNTUACIÓN</i> |
|----|---|-------------------|
| 1º | <i>BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A.</i> | <i>95,48</i> |
| 2º | <i>IMESAPI, S.A.</i> | <i>84,38</i> |
| 3º | <i>PORGESA S.A.</i> | <i>75,35</i> |
| 4º | <i>ILUMINACIONES JESÚS NAZARENO, S.L.</i> | <i>54,63</i> |

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BLACHERE ILUMINACIÓN ESPAÑA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

- *Póliza do seguro de responsabilidade civil por un importe de 1.500.000 euros.*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- *Requirir ao citado licitador o aboamento de 644,88 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a trece de novembro do ano dous mil catorce.

me

V. e Pr.
O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez.